



## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

#### Anuncio

#### BONO IMPULSO.- DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA HOSTALERÍA E COMERCIO LOCAL)

##### INTRODUCIÓN

A pandemia ocasionada polo COVID 19 está a xerar un impacto sanitario, social e en consecuencia económico que arrastra a millóns de empresas ao peche, aumentando de forma considerable as cifras de desemprego en todos os territorios.

Se gran parte dos autónomos e pequenas empresas estaban en situación incerta, con cifras de viabilidade complicadas froito dos cambios producidos polos novos hábitos de consumo, coa pandemia a situación complicouse áinda máis acelerando este proceso, producindo un violento choque entre demanda e oferta. As cifras publicadas pola CEOE destacan que se a situación non mellora, un 25 % dos negocios pecharían as súas portas para final de ano.

Ante esta gravísima situación, considerando a magnitude e a súa dimensión temporal, as administracións deben poñer en marcha medidas clave para a recuperación, apoiando a actividade e o consumo e, sobre todo, a viabilidade dos actores económicos con medidas que se implementen canto antes, antes de que sexa irreversible o impacto negativo na economía e imparables os peches de establecementos.

Por tanto, o desafío no que nos atopamos a nivel económico é dobre e debe estar centrado no apoio ás empresas e ás familias durante esta etapa, para asegurar unha recuperación más rápida e forte da economía.

Desta situación xorde o programa Bono Impulso - Deputación de Lugo, un programa centrado en promover e fomentar o consumo local, profundar entre a cidadanía a importancia de apoiar ao comercio de proximidade. Isto supón un apoio ao posto de traballo dun conveñio e ao mantemento da vida social dos barrios e pobos.

Nos últimos meses o aforro nos fogares alcanzou "níveis sen precedentes" e isto leva por diante millóns de postos de traballo, polo que debemos romper a tendencia dos últimos meses "do medo ao gasto" promovendo o consumo.

Transmitir á cidadanía a importancia que supón o comprar no comercio de proximidade: trasladar que é seguro, que reduce o efecto dominó da economía de forma indirecta a outros sectores como a loxística ou a producción, que se aproveita este crecemento para reflotar os negocios locais, que se xera un efecto circular que promove a economía, que os establecementos gañan liquidez, pagan a provedores e préstamos, son obxectivos que se perseguen neste programa.

##### Base 1.-Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto aprobar as bases do programa Bono Impulso-Deputación de Lugo, destinado ao fomento do consumo de bens en establecementos comerciais locais comerciantes polo miúdo e de hostalería (incluídos servizos de aloxamento), desenvolto por persoas empresarias autónomas, microempresas e pequenas empresas da provincia de Lugo.

##### Base 2.-Obxectivos do programa

- Propiciar o fortalecemento empresarial da provincia de Lugo, empresarias/os autónomas/os, as microempresas e pequenas empresas do sector comercial comerciante polo miúdo e hostalería (incluído servizos de aloxamento).
- Manter o emprego e taxas de actividade nos sectores aos que vai dirixido.
- Estimular a demanda e o consumo no ámbito local.
- Paliar o efecto económico provocado por mor da pandemia ocasionada polo COVID19.
- Protexer ás familias, promovendo unha cultura de veciñanza.

**Base 3.- Recursos económicos.**

A dotación económica para o desenvolvemento do presente programa ascende a 510.000€, con cargo á partida orzamentaria 4330.47900 , recollida no Plan Estratéxico de subvencións 2020-2022 concretamente no Anexo I correspondente á anualidade 2021 dentro da Liña 4.1. C: Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo da área funcional de Promoción Económica e Social.

O importe de afectación, 510.000€, responde a unha cantidade mínima necesaria para que todos os establecementos dos concellos da provincia gocen dos beneficios do programa de forma equitativa atendendo aos principais parámetros de cálculo de consumo: poboación, número de desemprego e número de empresas de alta en IAE, fomentando de forma homoxénea o consumo na provincia e evitando peches de establecementos.

Esta cantidade distribúese en 17.000 bonos de 30€ por bono, desta maneira o solicitante obrégase a un consumo mínimo de 60€. Estas cantidades resultan tras a análise da necesidade de inxectar liquidez e xerar un impacto económico sobre o consumo no comercio polo miúdo e na hostalería para reactivar a economía, aproveitando a tendencia de aforro ocasionada pola crise sanitaria do COVID 19.

En termos de consumo estes datos son moi relevantes xa que se consegue un efecto multiplicador, é dicir, por cada bono provócase de forma inducida un impacto positivo no consumo que rolda o triplo do importe investido. Por esta razón, as cantidades asignadas a este programa son valoradas en termos de suficiencia mínima tanto en orzamento, cantidade e valor do bono para conseguir o obxectivo final, reactivar o consumo fronte á tendencia ao aforro.

Ante a gravísima situación que se está sufrindo a nivel mundial e poder conseguir o efecto exposto co menor custo económico para erario público contémplase de forma extraordinaria nesta convocatoria a excepción ao outorgamento de subvencións inferiores a 300€ recollidas no apartado 12 do Plan estratéxico 2020-2022.

**Base 4.-Actividade subvencionable.**

Subvencionaranse 17.000 bonos para o consumo de bens nos establecementos comerciais locais comerciantes polo miúdo así como establecementos de hostalería (incluídos servizos de aloxamento) adheridos á campaña, a través dun bono-desconto de carácter nominativo e territorial.

Terá a consideración de bono, o desconto por un valor de 30€ sobre unha compra mínima de 60€ nos establecementos adheridos. Isto significa que cada solicitante obterá un bono de 30€ a condición de que realice 60€ de consumo en calquera dos establecementos adheridos.

Cada consumidor poderá solicitar un bono como máximo, podendo chegar a outorgárselle un segundo bono en caso de excedentes a través dun sorteo, a condición de que, neste sexa necesario acudir a consumidores beneficiarios por non resultar cubertos os excedentes de bonos polos consumidores reserva.

A aplicación dos bonos será efectuada de forma inmediata no momento da compra polos propios establecementos tras a identificación dos consumidores. A tal sentido, a persoa que realice a compra debe levar o seu DNI.

A modo de exemplo: se unha persoa vai a unha florería e realiza un gasto de 65€, debe pagar 35€ ao establecimiento no momento da compra e os 30€ restantes serán abonados ao establecimiento por parte da Deputación de Lugo cando presente este a documentación xustificativa.

Os gastos bonificados son os realizados desde o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo ata o 31 de agosto de 2021, coa excepción dos bonos procedentes do sorteo que se habilitará un período adicional de 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web.

**Base 5.- Natureza das axudas.**

As axudas que se concedan no marco do presente programa terán a consideración de subvencións e serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva.

**Base 6.- Órgano Responsable da xestión das axudas.**

O órgano responsable da xestión das axudas será a área de Promoción Económica e Social a través da Sección de Promoción Económica e Emprego. Esta xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación da utilización dos recursos públicos.

**Base 7.- Beneficiarios.**

Consideraranse beneficiarios os establecementos adheridos ao programa e en cada un dos que se realizaron consumo cos bonos.

**Base 8.- Requisitos dos establecementos para a adhesión ao programa.**

Poderán adherirse ao programa Bono Impulso - Deputación de Lugo aqueles establecementos comerciais, locais comerciantes polo miúdo, así como establecementos de hostalería (incluídos servizos de aloxamento) radicados en calquera concello da provincia de Lugo que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser persoas empresarias autónomas, microempresas ou pequenas empresas de conformidade co sinalado polos artigos 2.2 e 2.3 do Anexo I do regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación 107 e 108 do Tratado.

b) Non se atopen incursas en ningunha das prohibicións que se establecen no artigo 13.2 da LGS.

Poderán participar aqueles establecementos que no momento da solicitude teñan recoñecidas débedas tributarias (Axencia Tributaria Estatal e Autonómica), débedas fronte á Seguridade Social e Deputación de Lugo. Con todo, débense atopar ao corrente no momento de presentación da conta xustificativa. No caso de establecementos con débedas fronte a Deputación de Lugo, estas serán compensadas co importe da axuda, polo que se detraerá a débeda sobre o pago.

Sen prexuízo de cantas outras formalidades puidesen estar obrigadas a cumplir, a Sección de Promoción Económica e Emprego poderá solicitar en calquera momento documento acreditativo do cumprimento de tales requisitos mínimos. Non se terán en conta nin admitirán as solicitudes presentadas por entidades que non cumpran devanditos requisitos.

#### **Base 9.-Fases do programa. Distribución dos Bonos Impulso - Deputación de Lugo.**

O programa divídese en cinco fases, na primeira o total de bonos (17.000) distribuiranse entre cada un dos concellos da provincia, incluído Lugo capital, atendendo a tres parámetros obxectivos; poboación, número de desempregados e número de empresas de alta no IAE, segundo os últimos datos oficiais do Instituto Galego de Estatística. Datos de referencia; Poboación (IGE, Padrón 2020), Número de desempregados (IGE, Febreiro, 2021), número de altas IAE (Altas e permanencias IGE, 2019). Establecendo un límite mínimo de 20 bonos e un máximo 5000 bonos por concello.

A distribución dos bonos publicarase no BOP da provincia de Lugo e na páxina [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal) coa denominación Anexo 0 - Reparto bonos por concellos.

Na segunda fase, aqueles establecementos que desexen adherirse ao programa Bono Impulso - Deputación de Lugo, deberán formalizar o correspondente formulario de adhesión que se atopará dispoñible na páxina web da Deputación de Lugo, [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal).

O prazo para que os establecementos comerciais poidan adherirse, será de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria en Boletín Oficial da Provincia, a través do modelo de adhesión en formulario web (Anexo I).

A Deputación de Lugo publicará no BOP e na súa páxina web a listaxe dos establecementos adheridos por concello, así como a relación das solicitudes rexitadas xunto coa motivación.

Na terceira fase, os residentes de calquera dos concellos da provincia, incluído Lugo capital, poderán solicitar o seu bono, desde o día seguinte á publicación do prazo de apertura de solicitudes na páxina web da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)), durante un prazo de 15 hábiles a través de modelo de solicitud normalizado (Anexo II) entregado na oficina do Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (situado en rúa San Marcos nº 8) ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39 /2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo común.

Os bonos distribuiranse entre as solicitudes da poboación maior de 18 anos que residan ou estean empadroados nalgún dos concellos da provincia, a través dun procedemento de concorrencia non competitiva, é dicir por orde de presentación de solicitudes e ata a dispoñibilidade orzamentaria e limitación por concello, xa que o obxectivo principal é favorecer o consumo independentemente da situación persoal ou familiar.

No caso de que exista coincidencia no momento de presentación de varias solicitudes, atenderase á hora, minuto e segundo. En caso de persistir empate, o criterio para seguir será a orde alfabética, previo sorteo de letra por parte do órgano instrutor, a partir da cal se establecerá a orde de prelación.

A efectos de valorar o lugar de residencia, salvo outro documento válido, tomarase como referencia o domicilio que conste no DNI a efectos de solicitude e de troco de bono nos establecementos adheridos.

Para iso habilitarase un formulario de solicitude (Anexo II) e os consumidores recibirán o seu bono.

Cada bono debe gastarse nun único establecemento adherido situado no concello de residencia/empadroamento dos consumidores. De forma excepcional no caso que non existan establecementos adheridos no concello poderán consumirse en calquera dos establecementos adheridos da provincia independentemente do lugar de residencia.

Os únicos gastos que non se consideran subvencionables son: as bebidas alcohólicas non alimentarias, tabaco e loterías deixando de manifesto que tanto a hostalería (incluídos servizos de aloxamento) como estancos poden participar xa que ofertan máis produtos no seu establecemento.

A Deputación de Lugo non se fará cargo de bonos en número superior aos 17.000 bonos xerados.

Organizarase unha cuarta fase no caso de que finalizada a fase III queden bonos pendentes de asignar, procedéndose do seguinte modo: publicarase unha listaxe dos bonos pendentes por concello, esta listaxe

actualizarse cada 10 días na páxina web, condicionado ao volume de solicitudes. Abrirase un prazo ininterrompido ata o 15 de xullo de 2021 para a súa concesión.

Na quinta fase, finalizado o prazo máximo para o consumo (31 de agosto de 2021), en caso de seguir existindo bonos sen asignar, procederáse a un sorteo entre os solicitantes reserva e, no caso de ser necesario, entre o total dos consumidores a través dun acto público tal e como se indica no Base 13.

Dende o día seguinte á publicación no BOP e a páxina web da concesión do bono por sorteo, o consumidor dispón de 15 días hábiles para facelo efectivo, é dicir, efectuar o seu consumo no seu lugar de residencia e no caso de que non haxa establecementos adheridos, en calquera dos establecementos adheridos da provincia.

Con todo, se o estado da demanda ou a situación epidemiolóxica que estamos a sufrir así o aconsellasesen poderán efectuarse axustes á devandita distribución, entre os distintos Territorios, a fin de posibilitar que se distribúan o maior número de bonos entre os consumidores e que se fomente en maior medida o consumo.

#### **Base 10.-Xestión para o troco do Bono Impulso - Deputación de Lugo.**

Os establecementos adheridos ao programa poderán facer efectivos os bonos aplicados ao finalizar o período de consumo e ata a data límite do 31 de agosto de 2021, na fase III e IV e ata 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación no BOP e a páxina web da concesión do bono a través do sorteo, sendo tramitado coa maior celeridade por parte dos distintos departamentos da Deputación de Lugo.

O establecemento formalizará o seu expediente de xustificación preferentemente a través da sede electrónica da Deputación de Lugo, achegando:

- Anexo III
- Bonos utilizados
- Ticket de compra/ factura.
- Documento emitido pola entidade bancaria no que conste a conta bancaria e o NIF do establecemento.

No caso de que a subvención sexa superior a 3.000€ deberán entregar certificados de estar ao corrente coas obrigacións tributarias, fronte á Seguridade Social e a Deputación de Lugo, salvo que autorice á Deputación á comprobación destes. Cando a conta xustificativa sexa menor ou igual a 3.000€ será suficiente coa declaración responsable (Anexo III).

O prazo máximo para presentar a conta xustificativa será o 15 de setembro e habilitarase un proceso especial para os outorgados mediante sorteo habilitándose 15 días hábiles dende o día seguinte á finalización do prazo de consumo outorgado.

De forma previa o establecemento debe comprobar a identidade do beneficiario e a súa localidade a través do DNI ou certificación de empadroamento.

Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos procederáse á liquidación e pago do correspondente importe aos comercios adheridos, por transferencia na conta bancaria facilitada para tal efecto, previa a aprobación da conta xustificativa por resolución de Presidencia.

No momento de adhesión ao programa os establecementos poderán participar nun proxecto integrado dentro das medidas do Plan de Impulso da Deputación de Lugo co fin de mellorar a xestión e visibilidade social do negocio de forma gratuita, se así o reflecten explicitamente, en aplicación da Lei de Protección de Datos .

#### **Base 11. Requisitos do ticket/factura de compra.**

O ticket/factura debe conter desagregación dos artigos. Quedan excluídos destas desagregacións menciones xenéricas do tipo: "varios", "bebidas" ou similares.

Os únicos gastos que non se consideran subvencionables son: as bebidas alcohólicas non alimentarias, tabaco, loterías deixando de manifesto que tanto a hostalería (incluídos servizos de aloxamento) como estancos poden participar xa que ofertan máis produtos no seu establecemento.

En caso de producirse unha devolución da compra, en ningún caso producirase a devolución en metálico, polo que se poderá realizar un cambio de produto ou xesar un cheque valor para unha compra posterior.

#### **Base 12.-Obrigacións dos establecementos adheridos ao programa.**

Os establecementos adheridos ao programa Bono Impulso - Deputación de Lugo, a través da subscrición da solicitude de adhesión, adquirirán as seguintes obligacións:

- Publicitar no exterior /interior do establecemento a situación de adhesión ao programa mediante a colocación do correspondente material publicitario nun lugar visible durante a vixencia do programa.
- Comprobar a identidade e residencia co DNI antes de facer efectivo o bono.
- Non trocar os bonos aos consumidores por diñeiro en metálico en ningún caso.
- Colaborar coa Deputación de Lugo para o correcto funcionamento do programa.

- Conservar os tickets/facturas de compra e bonos.

#### **Base 13.- Vixencia do programa.**

O programa Bono Impulso - Deputación de Lugo, entrará en vigor ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia e manterá a súa vixencia ata a aprobación das contas xustificativas e o seu pago que será como máximo o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa con data límite o 31 de decembro de 2021, conforme aos seguintes prazos:

1) A solicitude de adhesión dos establecementos se levará a cabo durante 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria en Boletín Oficial da Provincia.

2) O prazo de solicitude para as persoas que desexan participar e poidan conseguir un bono para as compras no comercio local comerciante polo miúdo ou hostalería (incluído servizos de aloxamento) será de 15 días hábiles, dende o día seguinte á publicación do prazo de apertura de solicitudes na páxina web [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal).

No caso de existencia de bonos sen asignar despois do mencionado prazo, publicarase unha listaxe cos bonos pendentes por concello e abrirase un novo prazo ininterrompido ata o 15 de xullo de 2021.

3) O prazo para facer efectivo o uso do bono será dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo, ata o 31 de agosto de 2021, a partir deste intre os bonos perderán a súa validez como medio de pago.

4) O prazo para a xustificación por parte dos establecementos adheridos será ata o 15 de setembro de 2021.

5) Finalizado o período de consumo (31 de agosto de 2021), tras a comprobación por parte do órgano xestor detectásense bonos sen asignar realizarase un sorteo. Devandito sorteo desenvolverase da seguinte maneira:

1º Elaborarase unha listaxe por orde alfabética co primeiro apellido entre todos aqueles consumidores reserva e dos consumidores que trocasen os seus bonos para o caso de ser necesario.

2º Realizarase un acto público no que a Secretaria Xeral da Deputación de Lugo seleccionará ao azar a letra que se tomará como referencia a partir da cal se concederán os bonos non utilizados, de forma correlativa primeiro entre os consumidores reserva e segundo entre os consumidores.

Publicada a listaxe de consumidores, estes dispoñerán de 15 días hábiles para realizar o consumo, dende o día seguinte á publicación no BOP e a páxina web, finalizado este prazo perderán o seu valor. A continuación, os establecementos onde se realizaron estes gastos dispoñen ata 15 días hábiles dende o día seguinte á finalización do prazo de consumo, para entregar a xustificación do bono nas mesmas condicións que se detallan na base 10.

A Sección de Promoción Económica e Emprego poderá modificar os prazos de solicitude, períodos de consumo e entrega de contas xustificativas así coma as datas de vixencia do programa se as circunstancias ou outras razóns organizativas así o aconsellaren, publicándoo a través da páxina web; [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal).

#### **Base 14- Resolución**

O órgano instrutor informará e elevará o seu expediente para aprobación por Xunta de Goberno:

- A aprobación da relación de establecementos adheridos, xunto coa relación dos establecementos excluídos xunto a motivación da mesma.

E por Resolución de Presidencia:

- A aprobación da relación dos consumidores xunto aos consumidores reserva finalizada a primeira convocatoria de solicitude.
- No caso de que non se asigne o total de bonos por concellos, resolverase de forma periódica a relación de consumidores, ata o 15 de xullo de 2021 incluído.
- De realizarse o sorteo aprobarase a listaxe de consumidores.

Posteriormente farase pública cada unha destas relacións no BOP e na web da Deputación [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal).

#### **Base 15. Publicidade**

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada é subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquellas actuacións e en calquera tipo de soporte, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LGS e no artigo 31 do RLGS.

Aos establecementos adheridos facilitárselles o material promocional do programa por parte da Deputación de Lugo e non supoñerá ningún custo para eles.

### **Base 16- Inspección e incumplimentos e Procedemento de Reintegro**

A Sección de Promoción Económica e Emprego, como responsable do programa, resérvase o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demás medidas de control estime oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o correcto desenvolvemento e aplicación do presente programa.

No caso de que se operase algúñ incumplimento por parte dos solicitantes e dos establecementos adheridos, a Sección de Promoción Económica e Emprego, poderá cancelar a adhesión dos mesmos ao programa, a fin de impedir o troco de bonos. Os establecementos adheridos obríganse a facilitar canta información sexa requirida polo devandito departamento.

Do mesmo xeito, os consumidores que utilicen de mala fe ou de forma fraudulenta o bono xerando duplicidade ou similares serán penalizados eliminando a concesión do bono e obligando a realizar o pago dos consumos realizados integralmente.

Procederá a perda do dereito á cobranza da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devindicados, dende a data do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou a data na que o beneficiario ingrese o reintegro, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LGS e artigo 89 do RLGS) nos seguintes supostos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impiden.
- Incumplimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumplimento do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LGS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- Incumplimento do deber de adoptar as medidas de difusión establecidas.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LGS, así como o incumplimento dos obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derívese a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Incumplimento das obrigacións impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Incumplimento das obrigacións impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derívese a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas.
- A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- Nos demás supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario aproxímese de modo significativo ao cumprimento total e acredítense por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía para reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LGS ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LGS, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexererase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LGS, e o Capítulo II do Título III do RLGS.

As resolucións declarativas de incumplimento e de procedencia do reintegro poñerán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora da devandita xurisdicción.

**Base 17.- Compatibilidade con outras axudas.**

A subvención obtida ao amparo desta convocatoria será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras Administracións Públicas, e/ou por entidades públicas e privadas, rexionais, nacionais ou internacionais.

**Base 18.- Recursos**

Contra as presentes Bases ou contra os acordos de concesión poderase impoñer recurso contencioso administrativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo na forma e prazos previos na lexislación reguladora da devandita xurisdicción.

**Base 19. Lei de Protección de datos**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
<b>Responsable</b>	DEPUTACIÓN DE LUGO
<b>Finalidade</b>	Xestión programas de promoción económica
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamiento
<b>Destinatarios</b>	Durante a tramitación do expediente publicarase información do estado das mesmas na págxina web e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e dos concellos da provincia. Está prevista a comunicación dos datos á Axencia de Colocación.
<b>Dereitos</b>	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e potabilidade dos datos
<b>Orixé</b>	O propio interesado ou o seu representante legal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o punto seguinte, "información adicional sobre a protección dos seus datos persoais".

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS**

Para os efectos previstos no "Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)", proporcionándoseles a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

**RESPONSABLE DO TRATAMIENTO**

A información facilitada no formulario é titularidade da DEPUTACIÓN DE LUGO, domiciliada en Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.

- Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:
- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

**FINALIDADE**

Na DEPUTACIÓN DE LUGO tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas co fin da xestión de programas de emprego.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

Os datos persoais das persoas interesadas na recepción de información manteranse no sistema de forma indefinida en tanto o interesado non solicite a súa supresión.

## **LEXITIMACIÓN**

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento no cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos persoais solicitados son de carácter obligatorio, polo que o non enchenamento supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

## **DESTINATARIOS**

Durante a tramitación do expediente publicarase información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e dos concellos da provincia.

Non está prevista a transferencia internacional dos datos.

## **DEREITOS**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si, na DEPUTACIÓN DE LUGO, estamos a tratar datos persoais que lles conciernan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso, únicamente, conserváronse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. DEPUTACIÓN DE LUGO deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexitímos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a DEPUTACIÓN DE LUGO nun formato estruturado, de uso común e flexible por máquina. Este últimodereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por DEPUTACIÓN DE LUGO de maneira automatizada (medios informáticos).

## **Base 18. Normativa aplicable**

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos. (DOUE nº L 352, do 24 de decembro de 2013).
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As declaracions responsables previstas nestas bases fornecerán os efectos previstos polo artigo 69 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

## ANEXO 0.- REPARTO BONOS POR CONCELLO

CONCELLO	TOTAL BONOS	CONCELLO	TOTAL BONOS
Abadín	122	Negueira de Muñiz	20
Alfoz	85	Nogais, As	56
Antas de Ulla	100	Ourol	50
Baleira	65	Outeiro de Rei	263
Baralla	132	Palas de Rei	179
Barreiros	155	Pantón	123
Becerréa	150	Paradela	98
Begonte	150	Páramo, O	73
Bóveda	74	Pastoriza, A	166
Burela	484	Pedrafita do Cebreiro	51
Carballido	113	Pobra do Brollón, A	83
Castro de Rei	265	Pol	88
Castroverde	139	Pontenova, A	115
Cervantes	69	Portomarín	77
Cervo	209	Quiroga	160
Chantada	440	Rábade	79
Corgo, O	180	Ribadeo	524
Cospeito	233	Ribas de Sil	46
Folgoso do Courel	51	Ribeira de Piquín	27
Fonsagrada, A	178	Riotorto	64
Foz	509	Samos	68
Friol	197	Sarria	715
Guitiriz	287	Saviñao, O	192
Guntín	139	Sober	113
Incio, O	78	Taboada	145
Láncara	142	Trabada	61
Lourenzá	113	Triacastela	37
Lugo	5.000	Valadouro, O	100
Meira	93	Vicedo, O	84
Mondoñedo	187	Vilalba	736
Monforte de Lemos	948	Viveiro	785
Monterroso	191	Xermade	93
Muras	33	Xove	163
Navia de Suarna	55	<b>Totais</b>	<b>17.000</b>



ÁREA DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA  
E SOCIAL

## SOLICITUDE ADHESIÓN PROGRAMA BONO IMPULSO - DEPUTACIÓN DE LUGO

**Anexo I**

### DATOS SOLICITANTE

Nome e apelidos		DNI-NIE-Pas.	
En representación de: Razón social da empresa		DNI-NIE-Pas.- NIF	
Enderezo		Poboación/Localidade	C.P.
Concello	Tel. móvil	Endereço electrónico	

### DATOS PARA AS NOTIFICACIÓNS (non encher no caso de ser o mesmo)

Enderezo		Poboación	C.P.
Provincia	Tel. móvil	Endereço electrónico	

### DECLARACIÓN E AUTORIZACIÓN

<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	DECLARO que son persoa empresaria autónoma, microempresa ou pequena empresa, de conformidade co sinalado polos artigos 2,2 e 2,3 do Anexo I do regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación 107 e 108 do Tratado e desenvolvo a miña actividade no sector comercial retallista local ou hostalería (inclusa servizos de aloxamiento) da provincia de Lugo.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	DECLARO que me atopo ao corrente coas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Axencia Tributaria Autonómica), fronte á Seguridade Social e á Deputación de Lugo.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	DECLARO que non son debedor por resolución de procedemento de reintegro e CUMPRO os requisitos establecidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	AUTORIZO a Deputación Provincial de Lugo a realizar as comprobacións oportunas dos datos aportados nesta solicitude cando sexa preciso.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	AUTORIZO a Deputación Provincial de Lugo a incluír os meus datos para formar parte dunha base de datos para a difusión de actividades ou programas promovidos pola Deputación de Lugo para o desenvolvemento económico da provincia.

- Achecho fotografía do establecemento.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de 2021

Os datos de carácter persoal serán tratados pola Deputación de Lugo e incorporados á actividade de tratamento "Xestión programas de emprego", cuxa finalidade é a realización e xestión de programas de emprego para a dinamización da contorna económica da provincia, así como asesoramento no emprendemento e orientación laboral. No caso de que se dera consentimento, envío de comunicacions para a difusión de actividades e programas de emprego promovidas pola Deputación de Lugo. Finalidades baseadas no cumprimento dunha misión realizada na interese pública ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, así como no consentimento do interesado, no caso do envío de comunicacions.

Os datos poderán ser comunicados á Xunta de Galicia e aos concellos da provincia de Lugo. Os datos relativos aos beneficiarios publicaranse na web da Deputación e no BOP.

Os datos conservaranse de xeito indefinido en tanto non se solicite a súa supresión.

Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a oporse ao tratamento, no caso de que se deran os requisitos establecidos no RGPD, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos digitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, a Deputación de Lugo, Rúa San Marcos, 8, 27001 – Lugo, ou na Sede Electrónica da Deputación (<https://sede.deputacionlugo.org>).

Datos de contacto do DPD: [dpd@deputacionlugo.org](mailto:dpd@deputacionlugo.org)

Datos de contacto do DPD: dpd@deputacionlugo.org



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA  
E SOCIAL

## SOLICITUDE PROGRAMA BONO IMPULSO - DEPUTACIÓN DE LUGO **Anexo II**

### DATOS SOLICITANTE

Nome e apelidos		DNI-NIE-Pas.	
Son a persoa interesada: SI    NO Na súa representación :		DNI-NIE-Pas.	
Enderezo de Residencia		Poboación	C.P.
Provincia	Tel. móvil	Enderezo electrónico	

### DATOS PARA AS NOTIFICACIÓNNS (non encher no caso de ser o mesmo)

Enderezo		Poboación	C.P.
Provincia	Tel. móvil	Enderezo electrónico	

**COMO DESEXAS RECIBIR AS NOTIFICACIÓNNS DESTA SOLICITUDE**

Para recibilas telemáticamente e preciso ter un certificado dixital e encher os campos de teléfono móvil e enderezo electrónico.

<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	AUTORIZO a Deputación Provincial de Lugo a realizar as comprobacións oportunas dos datos aportados nesta solicitude cando sexa preciso.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	DECLARO SER maior de 18 anos E RESIDIR ou estar EMPADROADO na provincia de Lugo.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Os datos de carácter persoal serán tratados pola Deputación de Lugo e incorporados á actividad de tratamento "Xestión programas de emprego", cuxa finalidade é a realización e xestión de programas de emprego para a dinamización da contorna económica da provincia, así como asesoramento no emprendemento e orientación laboral. No caso de que se dera consentimento, envío de comunicacións para a difusión de actividades e programas de emprego promovidas pola Deputación de Lugo. Finalidades baseadas no cumprimento dunha misión realizada na interese pública ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, así como no consentimento do interesado, no caso do envío de comunicacións.

Os datos poderán ser comunicados á Xunta de Galicia e aos concellos da provincia de Lugo. Os datos relativos aos beneficiarios publicaranse na web da Deputación e no BOP.

Os datos conservaranse de xeito indefinido en tanto non se solicite a súa supresión.

Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a oporse ao tratamento, no caso de que se deran os requisitos establecidos no RGPD, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, a Deputación de Lugo, Rúa San Marcos, 8, 27001 – Lugo, ou na Sede Electrónica da Deputación (<https://sede.deputacionlugo.org>).

Datos de contacto do DPD: dpd@deputacionlugo.org



ÁREA DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA  
E SOCIAL

## SOLICITUDE XUSTIFICACIÓN PROGRAMA BONO IMPULSO - DEPUTACIÓN DE LUGO

**Anexo III**

**DATOS SOLICITANTE**

<b>Nome e apelidos</b>		<b>DNI-NIE-Pas.</b>	
<b>En representación de:</b> Razón social da empresa		<b>DNI-NIE-Pas.- NIF</b>	
<b>Enderezo</b>		<b>Poboación</b>	<b>C.P.</b>
<b>Provincia</b>	<b>Tel. móvil</b>	<b>Enderezo electrónico</b>	

**DATOS PARA AS NOTIFICACIÓNNS (non encher no caso de ser o mesmo)**

<b>Enderezo</b>		<b>Poboación</b>	<b>C.P.</b>
<b>Provincia</b>	<b>Tel. móvil</b>	<b>Enderezo electrónico</b>	

**SOLICITO**

Que se admite a documentación xustificativa que se corresponde cun número total de bonos.

<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<b>(Cubrir soamente en caso de subvencións inferiores ou iguais a 3.000 €)</b> DECLARO que me atopo ao corrente coas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Axencia Tributaria Autonómica), fronte á Seguridade Social e á Deputación de Lugo.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> *NON	<b>(Cubrir soamente en caso de subvencións superiores a 3.000 €)</b> AUTORIZO á Deputación Provincial de Lugo para que solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesourería Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	DECLARO que non son debedor por resolución de procedemento de reintegro.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	DECLARO que a actuación subvencionada foi executada na súa totalidade cumplindo coas condicións que motivaron a súa concesión.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	DECLARO que se inserán a PUBLICIDADE de adhesión o programa mediante a colocación do correspondente material publicitario nun lugar visible.
<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	AUTORIZO a Deputación Provincial de Lugo a realizar as comprobacións oportunas dos datos aportados nesta solicitude cando sexa preciso.

\**(En caso de non autorizar deberase achegar os certificados)*

**En , a de de 2021**

Os datos de carácter persoal serán tratados pola Deputación de Lugo e incorporados á actividade de tratamento "Xestión programas de emprego", cuxa finalidade é a realización e xestión de programas de emprego para a dinamización da contorna económica da provincia, así como asesoramento no emprendemento e orientación laboral. No caso de que se dera consentimento, envío de comunicacións para a difusión de actividades e programas de emprego promovidas pola Deputación de Lugo. Finalidades baseadas no cumprimento dunha misión realizada na interese pública ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, así como no consentimento do interesado, no caso do envío de comunicacións.

Os datos poderán ser comunicados á Xunta de Galicia e aos concellos da provincia de Lugo. Os datos relativos aos beneficiarios publicaranse na web da Deputación e no BOP.

Os datos conservaranse de xeito indefinido en tanto non se solicite a súa supresión.

Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a opoñer ao tratamento, no caso de que se deran os requisitos establecidos no RGPD, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos digitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, a Deputación de Lugo, Rúa San Marcos, 8, 27001 – Lugo, ou na Sede Electrónica da Deputación (<https://sede.deputacionlugo.org>).

Datos de contacto do DPD: [dpd@deputacionlugo.org](mailto:dpd@deputacionlugo.org)

Lugo, 30 de abril de 2021.- O Presidente, (firma delegada P.d. Decreto de 26/07/2019), Pablo Rivera Capón.

R. 1243

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### *Anuncio*

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data vintetres de abril de 2021 , o Orzamento Xeral, Bases de Execución, anexo de persoal funcionario, laboral e eventual e a Plantilla de persoal (esta última conforme coa Relación de Postos de Traballo publicada BOP n.º 82, do martes 13 de abril de 2021) para o ejercicio económico 2021, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expõse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://concellodealfoz.sedlectronica.es>.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

En Alfoz, a 26 de abril de 2021.- O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 1157

## BALEIRA

#### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO.**

- Posto: Dous/as Auxiliares de Axuda no Fogar.
- Especialidade: Auxiliar de axuda no fogar, grupo de cotización 10.
- Modalidade contractual: Contrato laboral temporal a tempo completo.
- Duración prevista do contrato: Contrato por obra ou servizo cunha duración estimada de seis meses, podendo prorrogarse por circunstancias do servizo (vacacións das auxiliares de axuda no fogar titulares).
- Requisitos: Estar en posesión de carne de conducir B , e os esixidos con carácter xeral na lexislación vixente.
- Criterios de selección: Os establecidos nas Bases Xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Concello de Baleira, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 292, de 22 de decembro de 2010.
- Prazo de presentación de instancias: Cinco días hábiles dende o seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- Data e lugar da entrevista prevista nas Bases: O día 12 de maio as 10:00 horas, no Concello de Baleira. A entrevista realizarase mediante unha proba escrita na que se evaluarán contidos relacionados co posto de traballo a desempeñar.
- Tribunal cualificador:
  - Presidente: Sandra Neira Gómez. Técnico de Xestión do Concello de Baleira.
  - Secretaria: Mª Esperanza Garmendia Nuñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira. Suplente: Alberto Alonso Fernández. Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira.
  - Vocais: Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira. Mª Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira..

Baleira, 280de abril de 2021.- O Alcalde, Angel Enrique Martinez-Puga López.

R. 1188